

# Educación Secundaria para Persoas Adultas (ESPA)

*Instrucións de Admisión e Matrícula — Curso 2026-2027*

Neste Centro impártese o **Módulo 3 (3º ESO)** e o **Módulo 4 (4º ESO)** da Educación Secundaria para Persoas Adultas.

**Prazo e formalización:** A admisión e matrícula farase directamente no centro educativo. O prazo permanece aberto ata o día **8 de setembro de 2026**.

## REQUISITOS DE ACCESO

Poderán acceder á Educación Secundaria para Persoas Adultas tódalas persoas maiores de 18 anos ou que os fagan no ano natural en que comeza o curso escolar ou cuadrimestre que teñan superado previamente o nivel de 2º ESO ou equivalente (Graduado Escolar, Nivel I de Educación de persoas adultas) ou superiores (BUP, FP I, FP Básica) ou outros equiparables cursados en países estranxeiros.

Aquelas **persoas que non poidan acreditar estudos que poidan ser obxecto de validación**. Neste caso o centro efectuará unha valoración inicial de coñecementos para determinar o módulo adecuado en cada ámbito de coñecemento ao comezo de cada módulo.

Poderán matricularse na Educación Secundaria para Persoas Adultas con carácter **excepcional**:

- Aquelas **persoas que non poidan acreditar estudos que poidan ser obxecto de validación**. Neste caso o centro efectuará unha valoración inicial de coñecementos para determinar o módulo adecuado en cada ámbito de coñecemento ao comezo de cada módulo.
- O alumnado maior de 16 anos que teña un contrato laboral que non lles permita acudir ós centros educativos en réxime ordinario ou o alumnado deportista de alto rendemento

## Táboa de Equivalencias

Comproba a túa correspondencia de estudos anteriores coa organización por Módulos e Niveis da ESPA actual:

| Sistema educativo Lei 1970                                                                                                                                  | Educación Secundaria Obligatoria                                                             | Educación Secundaria para Persoas Adultas                                 |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|
| Primeiro curso de Bacharelato Unificado e Polivalente con dúas materias pendentes, como máximo, ou primeiro curso de Formación Profesional de Primeiro Grao | Terceiro curso da Educación Secundaria Obligatoria                                           | <b>Módulo III, Nivel II</b>                                               |
| Segundo curso de Bacharelato Unificado e Polivalente ou segundo curso de Formación Profesional de Primeiro Grao e título de técnico auxiliar                | Cuarto curso de Educación Secundaria Obligatoria. Título de graduado en Educación Secundaria | <b>Módulo IV, Nivel II.</b><br>Título de graduado en Educación Secundaria |

## Organización temporal:

O módulo 3 cursarase durante o 1º cuadrimestre do ano académico, e o módulos 4 durante o 2º cuadrimestre.

## CONSULTAS ADICIONAIS

Para equivalencias con outros ensinos non recollidos de forma directa neste documento, consultar a Orde do 2 de outubro de 2024 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 207, do 25 de outubro).